


FONTES

◊ Fonte da PARADELA OU CACHOPAS ◊



No lugar da Paradela, preto do cruce de Moaña atopamos esta fermosa fonte, hoxe limpa e reformada. Non ocupa o emprazamento primitivo ó ser cambiada de lugar é desviada do camiño, que era onde se atopaba.

Referencia dela témola na escritura que fai o escribán Juan Fernández Rodríguez, en 1678, onde a atopamos citada por primeira vez: "Domingo Freire, carpinteiro, labrador e María Freire muller de Benito Freire (todos de Cella), levantan testemuña sobre a presa de auga que, vindo da fonte das Cachopas, pasa pola propiedade das Busiñas, sendo de rego".

